

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 13 DE SETEMBRO DE 2017.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 13 de setembro de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG- PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG- PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ, (PSG- PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP).

SATURNINO ABETE REDONDO (PP).

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

Non asiste: XESÚS PENA ESPIÑA. (concelleiro non adscrito)

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do concello.

Asiste a interventora do concello PATRICIA COENCE ANTELO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 21.06.2017.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 14.06.2017 AO 07.09.2017.

4º) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE 2016.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CAMBIO DE NOME DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL A IGREXA.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2018.

7º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2017.

8º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2017.

9º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA SOBRE LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2018.

10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2/2017.

11º) MOCIÓNS.

12º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

Dada conta da resolución da alcaldía do 08.08.2017, que transcrita di:

O Pleno do Concello en sesión de data 17.06.2011 aprobou a modificación do regulamento orgánico municipal, téndose publicado a mesma no BOP do 10.08.2011, establecendo que o Pleno ordinario correspondente ao mes de agosto trasladarase ao primeiro mércores do mes de setembro. En casos excepcionais e debidamente xustificados poderá adiantarse ou retrasarse pola alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que o primeiro mércores de setembro coincide co día 6 de setembro, que é a data na que se incorporan logo das súas vacacións os dous funcionarios do concello con habilitación de carácter nacional, polo que os expedientes que puideran tratarse nesa sesión estarían incompletos.

Resultando que no concello neste momento non existe ningún funcionario que puidese tramitar os expedientes competencia do Pleno, resolvo:

1º) Retrasar a sesión ordinaria que debía celebrarse o día 6 de setembro ao 13 de setembro, polos motivos expostos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno do concello para os efectos da súa ratificación.

Sometida a votación a súa ratificación o Pleno por unanimidade dos doce membros presentes acorda ratificala.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 21.06.2017.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión do 21.06.2017.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos doce membros presentes acorda a súa aprobación.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 14.06.2017 AO 07.09.2017.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

14.06.2017.- Pago 25% taxa campamento xuvenil Illa de Ons 2017.

16.06.2017.- Adxudicación contrato de subministro de maquinaria con destino ao departamento de obras do Concello.

16.06.2017.- Alegación padrón de recollida do lixo.

16.06.2017.- Delegación nunha concelleira.

19.06.2017.- Inscripción dun animal no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.

19.06.2017.- Inicio expediente contratación servizo limpeza Casa do Concello e Centro Social.

19.06.2017.- Solicitud de subvención para Risga 2017

20.06.2017.- Concesión subvención nominativa Bastavales Unión Deportiva.

21.06.2017.- Adxudicación provisional de vivenda a un garda civil.

21.06.2017.- Autorización de festas na Igrexa, Bastavales.

21.06.2017.- Decreto convocatoria XGL do 13.06.2017.

22.06.2017.- Aprobación de contratación de subministros en dous lotes, para a execución de dúas obras por administración.

26.06.2017.- Convocatoria Comisión Especial de Contas.

27.06.2017.- Contratación persoal laboral temporal para obras por administración.

27.06.2017.- Remisión expediente ao Xulgado. PO 192/2017.

27.06.2017.- Personación ante tribunal PO 192/2017.

28.06.2017.- Decreto taxa campamento xuvenil Illa de Ons (75%).

28.06.2017.- Convocatoria XGL do 29.06.2017.

28.06.2017.- Solicitud de subvención ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais do AGADER.

28.06.2017.- Altas SAF dependencia xullo 2017.

28.06.2017.- Solicitud de subvención para equipamento do centro social polivalente.

29.06.2017.- Relación de facturas F/2017/22.

29.06.2017.- Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico.

30.06.2017.- Adscrición de persoal a obras por administración.

30.06.2017.- Decreto gasto formación a un empregado.

30.06.2017.- Recoñecemento dun trienio a un empregado.

30.06.2017.- Solicitud de subvención equipamento escola infantil municipal.

30.06.2017.- Manifestando conformidade coa obra do PAS adicional 1/2015.

30.06.2017.- Decreto nómina do mes de xuño.

30.06.2017.- Decreto produtividade laborais 2016.

30.06.2017.- Aluguer cafetería centro social, xuño 2017.

30.06.2017.- Decreto de adscrición dun traballador a tarefas de desbroce e limpeza.

03.07.2017.- Decreto de inscrición Asociación Club de Patinaxe Artística de Brión, no rexistro de asociacións do Concello.

03.07.2017.- Altas no padrón de habitantes do mes de xuño de 2017.

03.07.2017.- Baixas no padrón de habitantes do mes de xuño de 2017.

04.07.2017.- Renovación de licenza para tenza de cans potencialmente perigosos.

04.07.2017.- Autorización de licenza municipal para tenza de animais potencialmente perigosos.

04.07.2017.- Decreto de iniciación de expediente de reposición da legalidade medioambiental.

04.07.2017.- Decreto de comunicación para limpeza de fincas.

04.07.2017.- Relación facturas enerxía eléctrica abril 2017.

04.07.2017.- Decreto subsanación erros padrón escola de música 3º trimestre curso 2016.2017.

05.07.2017.- Nomeamento de auxiliar administrativa interina.

05.07.2017.- Decreto paga extra xuño 2017.

11.07.2017.- Autorización para celebrar festa popular na Igrexa, Bastavales.

11.07.2017.- Decreto aprobando liquidación tributos da XGL do 29.06.2017.

11.07.2017.- Decreto de aprobación taxas escola infantil municipal xullo 2017.

11.07.2017.- Aprobación padrón fiscal taxas auga, saneamento, depuración e canon 2º trimestre 2017.

12.07.2017.- Contrato menor festa dos maiores 2017.

12.07.2017.- Decreto de aprobación taxas axuda a domicilio xuño 2017.

13.07.2017.- Decreto de aprobación taxas axuda a domicilio dependencia xuño 2017.

13.07.2017.- Canon inscrición e taxa autorización da XXXV Carreira Pedrestre de Amaía 2017.

13.07.2017.- Bonificación prezo público por utilización campo de fútbol de herba artificial.

13.07.2017.- Aprobación expediente de contratación escolas musicais 2017/2018.

13.07.2017.- Aprobación expediente de contratación escolas culturais 2017/2018.

13.07.2017.- Aprobación expediente de contratación escolas deportivas 2017/2018.

13.07.2017.- Cota mancomunidade Serra do Barbanza xuño 2017.

13.07.2017.- Modificación de créditos 14/2017.

14.07.2017.- Bonificación prezo público pola utilización do campo de fútbol de herba artificial.

14.07.2017.- Decreto paga extra dun traballador.

14.07.2017.- Adxudicación contrato de subministrados para dúas obras municipais.

14.07.2017.- Inicio de expedientes sancionadores de tráfico.

14.07.2017.- Adxudicación contrato de limpeza Casa do Concello e Centro Social.

17.07.2017.- Aprobación expedientes de contratación de dúas obras do POS+2017.

17.07.2017.- Desestimación de reclamación de pago de cantidade.

17.07.2017.- Declaracións 111 e 303, xuño 2017.

17.07.2017.- Relación de facturas F/2017/25.

18.07.2017.- Cambios de titularidade no padrón do lixo 2017.

18.07.2017.- Axuda emerxencia social a un veciño.

18.07.2017.- Cota mancomunidade Serra do Barbanza, xullo 2017.

18.07.2017.- Solicitud de subvención para aforro enerxético.

19.07.2017.- Recoñecemento liquidación SS.SS e taxas DOGA.

19.07.2017.- Decreto de aprobación definitiva do lixo 2017.

20.07.2017.- Autorización festas Luaña.

21.07.2017.- Xeración de créditos 15/2017.

21.07.2017.- Modificación de créditos (modalidade: transferencia de créditos) nº16/2017.

26.07.2017.- Inicio expediente de contratación da obra: Melloras no Concello de Brión.

26.07.2017.- Aprobación de gastos ITV vehículo matrícula C6784AP.

26.07.2017.- Inicio expediente de contratación de subministración de colectores de lixo.

31.07.2017.- Paralización de obra e inicio expediente de reposición da legalidade urbanística.

31.07.2017.- Autorización festas San Xulián da Luaña.

31.07.2017.- Altas no padrón de habitantes mes de xullo.

31.07.2017.- Baixas no padrón de habitantes mes de xullo.

31.07.2017.- Desestimación de recurso de reposición presentado en expediente de reposición da legalidade urbanística.

31.07.2017.- Autorización festas San Salvador.

31.07.2017.- Aprobación nómina mes de xullo de 2017.

01.08.2017.- Aluguer cafetería Centro Social xullo 2017.

01.08.2017.- Inicio procedemento sancionador de tráfico.

02.08.2017.- Decreto convocatoria XGL do 03.08.2017.

03.08.2017.- Inscripción Asociación Club Deportivo Torres de Altamira, no rexistro de asociacións do Concello.

03.08.2017.- Devolución de avais.

04.08.2017.- Adxudicación do contrato de subministro de materiais para a obra do POS+2017: Bemil.

04.08.2017.- Adxudicación do contrato de subministro materiais da obra do POS+2017: Nináns.

04.08.2017.- Denegación servizo de axuda no fogar a un veciño.

07.08.2017.- Baixa no servizo de axuda no fogar, de dependencia dunha veciña.

07.08.2017.- Adxudicación de contrato menor de subministro de colectores de lixo.

07.08.2017.- Adxudicación de contrato menor de obras do proxecto: Melloras no Concello de Brión.

08.08.2017.- Cambio día celebración sesión plenaria ordinaria de setembro.

08.08.2017.- Aprobación definitiva padrón taxas auga, saneamento, depuración e canon do 2º trimestre de 2017.

08.08.2017.- Decreto aprobación liquidacións de tributos da XGL do 03.08.2017.

08.08.2017.- Adxudicación contrato de servizos de escolas musicais 2017/2018 á empresa Barbatana SL.

08.08.2017.- Adxudicación contrato de servizos de escolas deportivas 2017/2018 e supervisión do campo de fútbol á empresa Barbatana SL.

08.08.2017.- Adxudicación contrato de servizos de escolas culturais 2017/2018 á empresa Barbatana SL.

08.08.2017.- Modificación de créditos (modalidade: xeración de créditos) nº17/2017.

09.08.2017.- Aprobación de proxectos para instalación de biomasa e inicio expediente de contratación.

09.08.2017.- Inicio contrato menor de biomasa para escola de párvulos de Luaña.

09.08.2017.- Relación facturación enerxía eléctrica maio 2017.

10.08.2017.- Decreto taxas certificado navegabilidade embarcación cedida ao GES.

10.08.2017.- Decreto aprobación taxas de axuda a domicilio xullo 2017.

10.08.2017.- Decreto aprobación taxas de axuda a domicilio dependencia xullo 2017.

10.08.2017.- Elevación a definitivo acordo pleno 21.06.2017 de modificación taxa de saneamento e depuración.

10.08.2017.- Aprobación expediente de contratación do subministro: Instalación de caldeira de biomasa en EEI os Ánxeles.

10.08.2017.- Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico.

10.08.2017.- Pago dietas e locomocións.

10.08.2017.- Declaracións 111 e 303, xullo 2017.

11.08.2017.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida ao Club de Fútbol Bastavales UD.

11.08.2017.- Liquidación anuncios na revista Altamira.

11.08.2017.- Aprobación da contratación por administración das obras de Bemil do POS+2017.

11.08.2017.- Aprobación da contratación por administración das obras de Nináns do POS+2017.

11.08.2017.- Decreto de solicitude de subvención para o proxecto: Inserames-Brión 2017.

14.08.2017.- Expediente sancionador de multas de tráfico.

16.08.2017.- Decreto festas Nosa Señora dos Ánxeles.

16.08.2017.- Cota da Mancomunidade Serra do Barbanza, agosto 2017.

16.08.2017.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida á Sociedade Deportiva Luaña.

16.08.2017.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida á Sociedade Deportiva Brión.

16.08.2017.- Autorización festas Os Ánxeles.

17.08.2017.- Relación de facturas F.2017.28.

17.08.2017.- Relación de facturas F.2017.29.

17.08.2017.- Decreto delegación para celebración de matrimonio civil.

18.08.2017.- Decreto atrasos mais produtividade 2017.

21.08.2017.- Decreto autorización festas do San Ramón.

22.08.2017.- Adxudicación contrato menor de biomasa para escola de párvulos de Luaña.

22.08.2017.- Decreto delegación para celebración de matrimonio civil.

23.08.2017.- Decreto autorización festas Cornanda.

23.08.2017.- Decreto autorización festas Santo Arandel, Bastavales.

24.08.2017.- Contratación peóns Risga.

25.08.2017.- Decreto limpeza de fincas en Ons de Abaixo.

28.08.2017.- Decreto de recoñecemento de trienios.

28.08.2017.- Decreto de limpeza de fincas no Outeiro, Bastavales.

31.08.2017.- Decreto autorización festas Bastavales.

31.08.2017.- Aluguer cafetería Centro Social, agosto 2017.

31.08.2017.- Nómina agosto.

05.09.2017.- Decreto de altas no padrón de habitantes do mes de agosto.

05.09.2017.- Decreto de baixas no padrón de habitantes do mes de agosto.

06.09.2017.- Relación de facturas de enerxía eléctrica xuño 2017.

06.09.2017.- Decreto aprobación liñas fundamentais do orzamento 2018.

07.09.2017.- Relación de facturas F/2017/31.

07.09.2017.- Liquidación cotas plan de transporte metropolitano 2016.

07.09.2017.- Devolución ingresos prezo público campamento de verán.

07.09.2017.- Devolución ingresos prezo público curso de inglés B1.

07.09.2017.- Convocatoria pleno e comisións informativas.

O Pleno queda enterado.

4º) APROBACIÓN DE PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE 2016.

Dada conta da proposta da alcaldía do 07.09.2017, que transcrita di:

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento do concello de 2016, e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 18 de xullo de 2017, sometida a exposición pública durante o prazo de quince días hábiles consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, mediante anuncio no BOP núm. 138, do 21 de xullo de 2017 e no taboleiro de edictos do concello e non presentándose durante dito prazo e os oito días hábiles seguintes ningunha reclamación, reparo ou observación, segundo certificación de secretaría que consta no expediente, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a conta xeral do orzamento do concello de 2016.

2º) Consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, render a conta xeral para a fiscalización externa ao Consello de Contas de Galicia, ao abeiro do disposto na Resolución do Consello de Contas de Galicia do 1 de xuño de 2016, pola que se ordena a publicación do acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 14.06.2016), debendo remitirse a mesma por intervención.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CAMBIO DE NOME DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL A IGREXA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 07.09.2017, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 12.09.2017, que transcrita di:

Visto o escrito presentado no concello pola mestra da E.E.I. "A Igrexa" (Brión), de data 20.07.2017, con rexistro de entrada no concello núm. 3217, do 21.07.2017, no que se comunica que se ven producindo unha serie de confusións co nome desta escola, posto que hai outra escola unitaria da contorna próxima, en concreto no Concello de Ames coa mesma denominación, o que conleva que ás veces se produzan confusións, así por exemplo, que chegue material, cartas... que non lles pertencen, polo que solicita que no vindeiro pleno se informe aos membros de que se vai cambiar o nome da escola polos motivos expostos, sendo o nome proposto o de E.E.I. da Luaña (en lugar da E.E.I. A Igrexa), e no que se adopte o acordo de estar conforme co cambio de denominación da escola.

Resultando que o propio Concello de Brión coñece a esta escola na praxis diaria como E.E.I. de Luaña, se considera conveniente proceder a apoiar o cambio de denominación, polo que propoño ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Apoiar a solicitude presentada polos motivos expostos no senso de solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o cambio do nome da escola sita an A Igrexa núm. 4 - A Luaña, denominada E.E.I. "A Igrexa" polo novo nome de E.E.I. da Luaña.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2018.

Dada conta da proposta da alcaldía do 07.09.2017, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 12.09.2017, que transcrita di:

Visto o calendario laboral para o ano 2018 da Comunidade Autónoma de Galicia, propoño ao Pleno do concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Propoñer como festivos locais deste concello para 2018 as seguintes datas:

-. O xoves 10 de maio de 2018 (festas da Ascensión) e o xoves 27 de setembro de 2018 (Santa Minia).

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

7º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓN DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2017.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda e Función Pública en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 2º trimestre de 2017, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

8º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2017.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda e Función Pública referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 2º trimestre de 2017, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

9º) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA SOBRE LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2018.

Dada conta da resolución da alcaldía do 06.09.2017, sobre liñas fundamentais do orzamento 2018, que transcrita di:

A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece no seu artigo 15 a obrigación de remitir información sobre as liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte, recollidas no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, contendo toda a información necesaria conforme á normativa europea.

A remisión, conforme ao artigo 5 da Orde HAP/2105/2012, debe efectuarse por medios electrónicos e mediante firma electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (MINHAP) habilite ao efecto.

Por todo o exposto e en uso das competencias establecidas no artigo 21.1s) da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora de Bases de Réxime Local RESOLVO:

Primeiro: Aprobar as liñas fundamentais do orzamento para 2018 en cumprimento da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira:

Estimación de dereitos recoñecidos netos:

INGRESOS	Ano 2017	Taxa de variación 2018/2017	Ano 2018
Ingresos Correntes	5.748.110,93	-0,36%	5.727.586,25
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	5.748.110,93	-0,36%	5.727.586,25
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias	0,00		0,00
Medida 2: Potenciar a inspección tributaria para descubrir feitos imponibles non gravados	0,00		0,00
Medida 3: Correcta financiación de taxas e prezos públicos	0,00		0,00
Medida 4: Outras medidas polo lado dos ingresos	0,00		0,00
Ingresos de Capital	197.536,90	5%	207.413,75
- Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	197.536,90	5%	207.413,75
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Ingresos no financeiros	5.945.647,83	-0,18%	5.935.000,00
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	5.945.647,83	-0,18%	5.935.000,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Ingresos financeiros	215.352,17	-98,61%	3.000,00
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	215.352,17	-98,61%	3.000,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Ingresos totales	6.161.000,00	-3,62%	5.938.000,00
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	6.161.000,00	-3,62%	5.938.000,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00

A) DETALLE DOS INGRESOS CORRENTES	Ano 2017	Taxa de variación 2018/2017	Ano 2018
Capítulo 1 e 2: Impostos directos e indirectos	2.014.500,00	-3,94%	1.935.131,95
Imposto sobre Bens Inmóbles	1.671.000,00	-7,18%	1.551.036,22
Imposto sobre Actividades Económicas	15.000,00	1,92%	15.288,09
Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	260.000,00	15,50%	300.307,64
Imposto sobre Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana	38.500,00	0%	38.500,00
Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras	30.000,00	0%	30.000,00
Cesión de impostos do Estado			
Ingresos do capítulo 1 e 2 non incluídos			
Capítulo 3: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.159.287,85	0%	1.159.287,85
Capítulo 4: Transferencias Correntes	2.569.023,08	2,29%	2.627.866,45
Participación nos Tributos do Estado	1.230.000,00	4,78%	1.288.843,37
Resto de Transferencias Correntes (resto Capítulo 4)	1.339.023,08	0%	1.339.023,08
Capítulo 5: Ingresos Patrimoniais	5.300,00	0%	5.300,00
TOTAL DE INGRESOS CORRENTES	5.748.110,93	-0,36%	5.727.586,25

B) DETALLE DE INGRESOS DE CAPITAL	Ano 2017	Taxa de variación 2018/2017	Ano 2018
Capítulo 6: Alleamento de investimentos			
Capítulo 7: Transferencias de Capital	197.536,90	5%	207.413,75
TOTAL DE INGRESOS DE CAPITAL	197.536,90	5%	207.413,75

C) DETALLE DE INGRESOS FINANCIEROS	Ano 2017	Taxa de variación 2018/2017	Ano 2018
Capítulo 8: Ingresos por Activos Financieros	3.000,00	0%	3.000,00
Capítulo 9: Ingresos por Pasivos Financieros	212.352,17	-100%	0,00
TOTAL DE INGRESOS FINANCIEROS	215.352,17	-98,61%	3.000,00

Estimación obrigas recoñecidas netas:

GASTOS	Ano 2017	Taxa de variación 2018/2017	Ano 2018
Gastos Correntes	5.183.409,04	0,50%	5.209.479,05
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	5.183.409,04	0,50%	5.209.479,05
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Medida 1: Reducción de costes de persoal			
Medida 2: Regulación do réxime laboral e retributivo [...].			
Medida 3: Limitación de salarios nos contratos mercantiles ou de alta dirección			
Medida 4: Reducción do número de Conselleiros da Administración			
Medida 5: Regulación de cláusulas indemnizatorias de acordo a la reforma en proceso			
Medida 6: Reducción do número de persoal de confianza			
Medida 7: Contratos externalizados			
Medida 8: Disolución das empresas que presentan pérdidas			
Medida 9: Realizar un estudo de viabilidade e análise de coste/beneficio			
Medida 10: Reducción da celebración de contratos menores			
Medida 11: Reducción das cargas administrativas para os cidadáns			
Medida 12: Modificación da organización da Corporación Local			
Medida 13: Reducción da estrutura organizativa da Entidade Local			
Medida 14: Reducción na prestación de servizos de tipo non obrigatorio			
Medida 15: Outras medidas polo lado dos gastos			
Gastos de Capital	692.738,79	3%	713.520,95
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	692.738,79	3%	713.520,95
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Medida 16: Non execución de inversións previstas inicialmente			
Medida 17: Outras medidas polo lado dos gastos de capital			
Gastos non financeiros	5.876.147,83	0,80%	5.923.000,00
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	5.876.147,83	0,80%	5.923.000,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Gastos financeiros	284.852,17	-94,73%	15.000,00
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	284.852,17	-94,73%	15.000,00
- Derivados de modificacións políticas (*)			
Gastos totais	6.161.000,00	-3,62%	5.938.000,00
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	6.161.000,00	-3,62%	5.938.000,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00

A) DETALLE DOS GASTOS CORRENTES

	Ano 2017	Taxa de variación 2018/2017	Ano 2018
Capítulo 1: Gastos de Persoal	2.100.000,00	1%	2.121.000,00
Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos	2.467.009,04	1,07%	2.493.289,05
Capítulo 3: Gastos financeiros	68.600,00	-70,85%	20.000,00
Capítulo 4: Transferencias Correntes	547.800,00	5%	575.190,00
Capítulo 5: Fondo de Continxencia			
TOTAL DE GASTOS CORRENTES	5.183.409,04	0%	5.209.479,05

B) DETALLE DE GASTOS DE CAPITAL

	Ano 2017	Taxa de variación 2018/2017	Ano 2018
Capítulo 6: Inversións Reais	692.738,79	3%	713.520,95
Capítulo 7: Transferencias de Capital			

TOTAL DE GASTOS DE CAPITAL	692.738,79	3%	713.520,95
C) DETALLE DE GASTOS FINANCIEROS			
	Ano 2017	Taxa de variación 2018/2017	Ano 2018
Capítulo 8: Gastos por Activos Financieros	20.000,00	-25%	15.000,00
Aportacións patrimoniais			
Outros gastos en activos financeiros	20.000,00	-25%	15.000,00
Capítulo 9: Gastos por Pasivos Financieros	264.852,17	-100%	0,00
TOTAL DE GASTOS FINANCIEROS	284.852,17	-94,73%	15.000,00

Consolidado de todas as entidades que integran a Corporación. Saldo e outras magnitudes.

SALDOS E OUTRAS MAGNITUDES	Ano 2017	Taxa de variación 2018/2017	Ano 2018
Saldo de Operacións correntes	564.701,89	-8%	518.107,20
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	564.701,89	-8%	518.107,20
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Saldo de Operaciones de capital	-495.201,89	2%	-506.107,20
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	-495.201,89	2%	-506.107,20
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Saldo de Operaciones no financeiras	69.500,00	-83%	12.000,00
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	69.500,00	-83%	12.000,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Saldo de Operaciones financeiras	-69.500,00	-83%	-12.000,00
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	-69.500,00	-83%	-12.000,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Saldo operaciones non financeiras	69.500,00	-83%	12.000,00
(+/-) Axustes para o cálculo da capacidade ou necesidade de financiación. SEC-10	50.000,00		40.000,00
Capacidade ou necesidade de financiación	119.500,00	-80%	52.000,00

Deuda viva a 31/12	638.455,66	0%	638.455,66
- A curto prazo			
- A longo prazo	638.455,66	0%	638.455,66
Ratio de Deuda viva/ Ingresos Correntes	11%		11%

Pasivos contingentes (en euros)

Pasivos contingentes	ANO 2017 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)			Taxa de variación 2018/2017	ANO 2018 (Créditos iniciais)		
	Incluído no orzamento	Non incluído no orzamento	Total		Incluído no orzamento	Non incluído no orzamento	Total
Avaes concedidos			0,00				0,00
Préstamos morosos			0,00				0,00
Garantías			0,00				0,00
Por sentencias- expropiaciones			0,00				0,00
Otros			0,00				0,00
TOTAL	0,00	0,00	0,00		0,00	0,00	0,00

Segundo: Remitir conforme á Orde HAP/2105/2012, por medios electrónicos e mediante firma electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (MINHAP) os datos correspondentes de acordo cos formularios establecidos ó efecto.

Terceiro: Dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre ó efecto.

O Pleno queda enterado.

10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2/2017.

Dada conta da proposta da alcaldía do 05.09.2017, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá (Comisión Especial de Contas do Concello), en sesión do 12.09.2017, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a recibos da Comunidade de Propietarios Agro Novo Bloques 1-2, do ano 2016, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían, porque foron presentadas no rexistro municipal de entrada o 23/06/2017.

Considerando a efectiva prestación dos servizos por parte do terceiro acredor, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

E considerando, igualmente, que a imputación dos gastos ao exercicio corrente, visto o estado actual de execución orzamentaria, non causará prexuízo á atención das necesidades do exercicio corrente.

Esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no Anexo adxunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 5 de setembro de 2017, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, proponho ao Pleno:

1º) Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de NOVECIENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS (942,24 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

Nº de Entrada	Data	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2017/1892	23/06/2017	30,78	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003214, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL J-ABRIL 2016
F/2017/1893	23/06/2017	26,37	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003244, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL J-MAIO 2016
F/2017/1894	23/06/2017	26,37	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003274, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL J-XUÑO 2016
F/2017/1895	23/06/2017	26,37	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003304, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL J-XULLO 2016
F/2017/1896	23/06/2017	26,37	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003334, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL J-AGOS. 2016

F/2017/1897	23/06/2017	26,37	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003365, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL J-SETEM. 2016
F/2017/1898	23/06/2017	26,37	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003395, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL J-OUTUB. 2016
F/2017/1899	23/06/2017	26,37	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003425, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL J-NOV. 2016
F/2017/1900	23/06/2017	26,37	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003455, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL J-DEC. 2016
F/2017/1907	23/06/2017	29,14	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003213, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL I-ABRIL 2016
F/2017/1908	23/06/2017	25,03	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003243, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL I-MAIO 2016
F/2017/1909	23/06/2017	25,03	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003273, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL I-XUÑO 2016
F/2017/1910	23/06/2017	25,03	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003303, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL I-XULLO 2016
F/2017/1911	23/06/2017	25,03	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003333, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL I-AGOS. 2016
F/2017/1912	23/06/2017	25,03	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003364, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL I-SETEM. 2016
F/2017/1913	23/06/2017	25,03	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003394, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL I-OUTUB. 2016
F/2017/1914	23/06/2017	25,03	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003424, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL I-NOV. 2016
F/2017/1915	23/06/2017	25,03	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003454, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL I-DEC. 2016
F/2017/1922	23/06/2017	29,14	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003212, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL H-ABRIL 2016
F/2017/1923	23/06/2017	25,03	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003242, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL H-MAIO 2016
F/2017/1924	23/06/2017	25,03	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003272, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL H-XUÑO 2016
F/2017/1925	23/06/2017	25,03	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003302, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL H-XULLO 2016
F/2017/1926	23/06/2017	25,03	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003332, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL H-AGOS. 2016
F/2017/1927	23/06/2017	25,03	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003363, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL H-SETEM. 2016
F/2017/1928	23/06/2017	25,03	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003393, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL H-OUTUB 2016
F/2017/1929	23/06/2017	25,03	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003423, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL H-NOV. 2016
F/2017/1930	23/06/2017	25,03	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003453, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL H-DEC. 2016

F/2017/1937	23/06/2017	30,78	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003211, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL G-ABRIL 2016
F/2017/1938	23/06/2017	26,37	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003241, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL G-MAIO 2016
F/2017/1939	23/06/2017	26,37	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003271, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL G-XUÑO 2016
F/2017/1940	23/06/2017	26,37	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003301, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL G-XULLO 2016
F/2017/1941	23/06/2017	26,37	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003331, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL G-AGOS. 2016
F/2017/1942	23/06/2017	26,37	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003362, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL G-SETEM. 2016
F/2017/1943	23/06/2017	26,37	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003392, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL G-OUT. 2016
F/2017/1944	23/06/2017	26,37	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003422, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL G-NOV. 2016
F/2017/1945	23/06/2017	26,37	H15899115	COM. PROP. AGRO NOVO BLOQUES 1-2	RECIBO Nº003452, COMUNIDADE ZONAS COMÚNS LOCAL G-DEC. 2016
TOTAL:		942,24			

2º) Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

11º) MOCIÓNS.

Aprobase por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia da seguinte moción:

11.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O ASENTAMENTO DA VESPA VELUTINA.

Pola alcaldía dáse conta da moción sinalada, que transcrita di:

Exposición de motivos.

A situación provocada nos últimos anos polo asentamento definitivo da vespa velutina en Galicia está a coller uns niveis alarmantes que afectan de xeito notable ás expectativas da fauna local, froitos e principalmente na poboación de abellas melíferas.

Desde a súa aterraxe no continente europeo en 2004 a progresión expansiva desta especie acabou por achegala ao norte peninsular no ano 2010 e pouco tempo despois, entre 2012/13, empezaron a detectarse na Galicia costeira. Dada a súa capacidade de adaptación e expansión esta especie comezou a tomar carta de natureza nos concellos costeiros desde os que se está espallando por todo o territorio da nosa comunidade.

As características desta especie foránea, substanciadas nun gran tamaño e agresividade, convértena nunha depredadora da “apis mellifera”, a produtora de mel e polinizadora, causando un gran número de baixas nas colmeas coa conseguinte alarma entre os apicultores galegos que se ven desbordados por esta incontinxencia e poñendo en perigo non só unha relevante e crecente actividade socioeconómica senón tamén as posibilidades da adecuada polinización.

A pesar dos programas de localización e retirada de niños, estes téñense amosado como insuficientes dadas as características reprodutoras desta especie invasora. Independentemente destas accións puntuais parece evidente que as solucións para controlar e estabilizar as poboacións de velutina pasa pola investigación para dar con fórmulas de control que non teñan efectos colaterais na fauna e na flora.

As condicións climatolóxicas deste inverno - primavera de 2017 están a ser especialmente favorables para a expansión desta especie tan dañina para as abellas produtoras de mel. A ausencia de frío non reduciu a actividade de moitos niños de velutina nin reduciu o número de reinas procreadoras como viña sucedendo nos derradeiros anos polo cal os apicultores están temendo un repunte da actividade da velutina.

Por estas razóns faise imprescindible redobrar e vehiculizar adecuadamente os esforzos para loitar con efectividade contra esta praga:

a) A potenciación da investigación faise imprescindible tanto para coñecer adecuadamente os comportamentos e características da velutina como para atopar as fórmulas adecuadas coas que combatela.

b) O combate dunha praga coas características da velutina require unificar esforzos e contar coa participación dos axentes implicados neste combate, por esta razón entendemos que a presenza e integración do tecido asociativo apícola galego é de gran interese para atopar as mellores formulas de combate e control da praga.

c) Coñecer as características da praga por parte da poboación implica unha labor de divulgación que debe ir desde os centros de ensino ata á poboación en xeral. Por outro lado, o coñecemento das características da velutina, comportamentos individuais e colectivos, particularidades de niños e todo aquilo que supón un coñecemento certo desta praga é fundamental para as persoas que teñen a misión de combatela, de aí que a formación específica do persoal que ten que combatela é tan fundamental como necesaria.

d) Outra das liñas de actuación fundamentais é a loita preventiva a levar adiante antes do verán para evitar un maior número de niños primarios posible co cal axudar no control de individuos.

Por iso, o Grupo Municipal dos Socialistas de Galicia, presenta o Pleno a seguinte moción, instando o Goberno galego a:

1º) Incluír aos representantes do tecido asociativo apícola na Comisión de seguimento da problemática da velutina.

2º) Impulsar as liñas de investigación con suficiente orzamento e non duplicar liñas de investigación.

3º) Potenciar os esforzos da loita preventiva na primavera para a máxima captura de raíñas.

4º) Desenvolver un programa de divulgación sobre a praga para a poboación en xeral, ademais dun programa específico para os centros de ensino.

5º) Pór en marcha un programa de formación para o persoal implicado no control e erradicación da praga.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

12º) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentou ningún rogo nin pregunta.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e quince minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González